Pazo de Ferreiros / Casa grande de A Torre

Lugar: A Torre | **Parroquia:** San Breixo de Ferreiros. | **Coordenadas:** 42º54'56.8"N 008º15'56.6"W.

Accesos: Pola N-547 dirección Arzúa, cóllese un ramal á dereita na parroquia de Ferreiros que leva ó lugar de Torre de Abaixo, onde se sitúa a Casa Grande de A Torre.
Clasificación: Casa Grande- Pazo
Época: Ano 1779
Contorna: Rural
Uso: Privado
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Ningún
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Privado
Sinalización: Non

Material Estado de conservación
Xeral: RUINOSA
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: RUINOSO
Revocos: NON PROCEDE
Aleiros: RUINOSO
Cerraxería: NON PROCEDE
Cuberta: RUINOSO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: ACEPTABLE
Interior: RUINOSO

Casa Grande situada no lugar de Torre de Abaixo. Contigua a edificación de maior tamaño atópanse outras dúas que pertencían aos mesmos propietarios e servían como vivenda dos caseiros. A edificación conta tamén con hórreo de gran tamaño, capela, pendellos e varias dependencias de gran tamaño para os animais. O seu estado é semirruinoso, aínda que a pedra das edificacións se atopa en bo estado.